

ORZAMENTO

DA **USC**

2008



Consello de Goberno, 26 de decembro de 2007

## Introdución

Unha vez dado cumprimento ao establecido no artigo 172 dos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela, de presentar ao Claustro Universitario por parte do Consello de Dirección as LIÑAS XERAIS DO ORZAMENTO PARA O EXERCICIO 2008, que as aprobou en sesión do 19 de decembro do 2007, preséntase unha formulación máis detallada do documento orzamentario ao Consello de Goberno, incorporando as suxestións do Claustro Universitario, para a súa análise e aprobación, para logo enviálo ao Consello Social para sometelo á súa aprobación definitiva.

A proposta de orzamento para o exercicio 2008 está condicionada no fundamental polo actual marco de financiamento do Sistema Universitario de Galicia (SUG) e os recursos que este achega á USC no exercicio 2008, pondo en relación as disponibilidades financeiras cos obxectivos orzamentarios formulados ao abeiro da Planificación Plurianual 2007-2010 aprobada polo Claustro Universitario.

### **Financiamento do Sistema Universitario de Galicia**

O Plan de Financiamento do SUG 2005-2010, aínda que supuxo un avance significativo respecto da situación anterior, está aínda moi lonxe de chegar ao SUG, e de forma especial á USC, os recursos acordados coas necesidades económicas da nosa universidade, incluso para moitos daqueles aspectos considerados como básicos.

O actual Goberno Autonómico tiña explicitado dende hai tempo, e de forma reiterada, o seu compromiso de reformular o vixente Plan de Financiamento xa para o exercicio 2008, co obxectivo de chegar a aportar ao SUG o 1% do PIB galego ao remate desta década. A realidade é que no ano 2008 o obxectivo está moi lonxe de ser acadado como se comproba no cadro seguinte.

Cadro 1  
**Financiamento da Comunidade Autónoma ao SUG (en miles de euros)**

	2005	2006	2007	2008
Secretaría Xeral da Consellería de Educación	12.381	12.381	13.131	12.381
Dirección Xeral Ordenación e Calidade do SUG	258.274	284.913	314.162	343.345
Dirección Xeral Promoción Científica e Tecnoloxía do SUG		9.398	17.597	18.917
Dirección Xeral Investigación (só prog. 561. investigación universitaria)	26.251	29.241	33.747	42.407
<b>Total</b>	<b>296.906</b>	<b>335.933</b>	<b>378.636</b>	<b>417.049</b>
<i>PIB Galicia IGE</i> (Increment 6,9% para 2007 e 6,9% 2008)	47.933.677,0	51.774.427,0	55.346.862	59.165.796,0
<b>% PIB</b>	<b>0,62%</b>	<b>0,65%</b>	<b>0,68%</b>	<b>0,70%</b>
<b>Crecedemento 2008 respecto 2005</b>				<b>40,46%</b>

Fonte: Orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia  
PIB 2006 Publicado IGE.

*Estimacións crecedemento PIB 2007 e 2008, Orzamentos Comunidade Autónoma*

Para o cálculo anterior tense en conta a totalidade do gasto das Direccións Xerais e dos Programas relacionados coas universidades, incluíndo, polo tanto, non só os recursos achegados ás tres universidades senón tamén as transferencias a entidades relacionadas co ensino e investigación de ámbito universitario así como ás familias.

A pesares do avance que se produciu dende o ano 2005, o esforzo inversor da Comunidade Autónoma situarase no exercicio 2008 pouco por riba do 0,70% do PIB, moi lonxe do obxectivo comprometido polo propio Goberno galego, pero máis lonxe aínda da realidade financeira das universidades do Estado español, que son o noso referente inmediato, onde o financiamento autonómico se sitúa en moitos casos xa agora por riba do 1% do PIB.

O resto de achegas non incluídas no cadro anterior que dende a Administración Autonómica se fan ás tres universidades galegas veñen dadas polas transferencias dende o SERGAS para facer fronte ao pago do complemento ao profesorado vinculado, que presta servizos de asistencia sanitaria -uns 5 millóns de euros-; os contratos e convenios para a prestación de servizos de investigación por parte das universidades á propia Comunidade Autónoma -uns 7,2 millóns de euros-; e os convenios con diversas Consellerías para o financiamento de másters propios e oficiais -1,2 millóns de euros-. Aínda que estas partidas, agás a última, non poden ser consideradas financiamento universitario en sentido estrito, a súa consideración nin sequera muda as porcentaxes e conclusións anteriores.

Se ben as cifras absolutas de financiamento universitario recollidas no cadro nº 1 presentan un crecedemento do 40% entre os anos 2005 ao 2008, á hora de analizar a capacidade financeira das propias universidades debemos ter en conta que nas

magnitudes anteriores se integran conceptos cun destino xa predefinido –sexenios, complementos e proxectos de investigación autonómicos–, polo que resulta máis clarexador analizar a evolución das partidas que realmente outorgan autonomía financeira ás universidades.

**Cadro 2**  
**Partidas Incondicionadas do Plano de Financiamento do SUG (en miles de euros)**

	2005	2006	2007	2008
Financiación Basal	229.496,4	251.528,0	273.914,0	296.648,9
Fondo Apoio Calidade	2.429,0	2.671,9	3.019,2	3.411,7
Fondo Apoio I+D	5.250,3	5.775,3	6.526,1	7.374,5
Fondo Nivelación (Non inclúe á USC)	5.000,0	5.515,0	6.061,0	6.624,7
Fondos Investimentos RAM	17.429,4	17.429,4	17.429,4	17.429,4
<b>Total</b>	<b>259.605,0</b>	<b>282.919,6</b>	<b>306.949,7</b>	<b>331.489,2</b>
<b>Crecedemento 2008 respecto 2005</b>				<b>27%</b>

*Fonte: Orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia*

Como se observa no cadro nº 2, os conceptos incluídos no Plan de Financiamento do SUG sobre os que as universidades teñen libre disposición –aínda que no caso dos programas de calidade e apoio á investigación condiciónanse a acadar indicadores e obxectivos–, tan só medraron a metade que o conxunto do financiamento universitario, un 27%. Para que poidamos ter unha referencia, esta porcentaxe é menos do que medrou durante dito período a parte do Capítulo I da USC que se financia con recursos propios, a pesar de que dende hai un lustro o noso cadro de persoal apenas mudou.

Con este cadro de financiamento do SUG facíase imprescindible e urxente o compromiso, recentemente anunciado pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, de iniciar no mes de xaneiro un proceso de reformulación do actual Plan de Financiamento, proceso que debe estar rematado antes de xuño do 2008. O obxectivo é alargar o período de vixencia do Plano de Financiamento ata o ano 2013, e a Comunidade Autónoma comprométese a facer un esforzo inversor nas universidades superior ao 1% do PIB, ligado aos retos que temos nos ámbitos do Espazo Europeo de Educación Superior, a Investigación e a Calidade.

A esta situación de financiamento do SUG é especialmente sensible a USC, para a que, como se vén manifestando dende o Equipo de Goberno, e ponse de manifesto unha vez máis neste orzamento, o ter reconducida a situación económica non supón contar aínda cos recursos suficientes para facer fronte ás necesidades básicas que se derivan da posición que ocupa a USC, por dotacións, estrutura e resultados dentro dos Sistemas Universitarios Galego e Español.

O orzamento que presentamos para o ano 2008 é, polo tanto, un orzamento que decorre aínda nun período de transición entre a fase de recondución da situación

económica e a de consolidación e expansión que esperamos se empece a producir xa de forma significativa no ano 2009.

## Marco financeiro da USC para o 2008

Para o exercicio 2008 a aplicación do Plan de Financiamento do Sistema Universitario de Galicia 2005-2010, recollida no proxecto de Orzamentos da Comunidade Autónoma para o ano 2008, contempla a seguinte evolución dos seus fondos diferenciados:

- *Financiamento básico incondicionado*: Incremento do 8,3% respecto do exercicio 2007, situándose nos 129,8 millóns de euros.
- *Fondo de calidade*: Incremento do 13% respecto do exercicio anterior. Neste fondo, ademais dos sexenios de investigación e dos complementos autonómicos –financiamento finalista–, inclúense os recursos para os contratos-programa de calidade e apoio á investigación, partidas estas últimas de carácter incondicionado que se reparten por indicadores e obxectivos. A cantidade estimada para estes dous conceptos no 2008 é de 5,3 millóns de euros.
- *Fondo para investimentos*: Esta partida inclúe o financiamento da obra nova e o RAM e no Plan de Financiamento non se contempla ningún incremento durante o período de vixencia, polo que a mesma leva conxelada xa moito tempo. Están pendentes de definir criterios de reparto para o ano 2008, orzamentándose unha cantidade estimada en 5,4 millóns de euros.

O financiamento anterior é complementado para a USC cunha achega adicional de 1,35 millóns de euros de apoio á súa recuperación económica impulsada polo Plan de Equilibrio Económico Financeiro (PEEF).

O total de ingresos que se prevé ingrese a USC durante o ano 2008, no marco do Plan de Financiamento do SUG, considerando unicamente as partidas non finalistas, ascende a 142 millóns de euros, o que supón 10,5 millóns de euros adicionais, un 8,1% máis ca no exercicio anterior.

Ademais destes ingresos derivados do Plan de Financiamento, a USC vén facendo esforzos significativos co obxectivo de acadar recursos adicionais á marxe del, tanto no ámbito do sector público como no privado.

- Neste senso, destacamos a inclusión no orzamento do resultado da convocatoria FEDER 2007-2008 no que se prevé acadar 7,2 millóns de euros. Este novo financiamento previsto destinarase á reforma da Facultade de Bioloxía, ao Animalario e ao Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información (CITIUS), debendo incorporar de exercicios anteriores o financiamento xa acadado para os proxectos que se están a

executar en relación coas infraestruturas de investigación, Centro de Investigación en Química da USC (CIQUS), Centro de Investigación en Medicina da USC (CIMUS) e o Centro de Investigación de Ciencias en Lugo.

- Prevense tamén no orzamento para o ano 2008 diversos contratos-programa ligados a accións de apoio á investigación, a implantación do Espazo Europeo de Educación Superior e á mobilidade estudiantil, por un importe global de 3,75 millóns de euros.
- No que atinxe a recursos privados, a USC ten asinado acordos de colaboración que lle supoñen uns ingresos de 1,9 millóns de euros non finalistas, empregados no financiamento de obxectivos propios.

Continuar nesta liña de acadar recursos adicionais mediante a busca de intereses comúns con outros axentes, tanto públicos coma privados, ou programas europeos, así como o aproveitamento e racionalización da posta en valor do patrimonio da USC para incrementar os ingresos, permite á universidade desenvolver accións complementarias ás súas funcións básicas de docencia e investigación engadindo accións ás que se veñen recollendo tradicionalmente nos orzamentos. De tódolos xeitos, no primeiro semestre do ano 2008 o gran reto da USC é o da concreción do compromiso feito pola Comunidade Autónoma de reformulación do Plano de Financiamento, cun novo modelo que contemple ademais as necesidades diferenciais da nosa universidade.

## Obxectivos orzamentarios

Como exercicio de transición cara á consolidación e expansión da situación económica, elaboramos un orzamento que nós consideramos contido, concretando os esforzos no que entendemos como compromisos e decisións estratéxicas primarias, apostando sobre todo pola consolidación e mellora do noso persoal, en correlación cos grandes retos que temos en materia de EEES, Calidade, Investigación, Infraestruturas e Internacionalización. Somos conscientes que os avances dotacionais nestes ámbitos non son suficientes para as necesidades e retos que temos como universidade, que son moitas as carencias noutros ámbitos tamén, pero que o referente europeo nos obriga a facer un sobreesforzo nestas orzamentos xa no ano 2008,

Neste senso, as disponibilidades financeiras previstas para este ano 2008 oriéntanse principalmente cara aos seguintes obxectivos, no marco da Programación Plurianual 2007-2010 aprobada polo Claustro Universitario:

- O persoal constitúe a principal das apostas para o ano 2008 e a el dedícanse a meirande parte dos recursos financeiros dispoñibles unha vez cubertas as derivas obrigatorias.

- o En canto ao PDI orzamentáanse os recursos para facer fronte aos gastos correspondentes á primeira dotación do plan de reequilibrio acordado na Planificación Plurianual 2007-2010, prevéndose a dotación de arredor de 25 novas prazas para cubrir as necesidades das áreas máis deficitarias, así como ás promocións previstas.
- o En relación ao PAS, recóllese un esforzo considerable para avanzar nos compromisos con este colectivo:

- En relación ao PAS laboral no exercicio 2008 farase o esforzo orzamentario necesario para que se poida avanzar de forma significativa na redución das diferenzas retributivas respecto do SUG, de maneira que xa neste exercicio ditas diferenzas se reduzan máis da metade. Para o reparto das melloras retributivas teranse en conta criterios de coherencia respecto das diferentes categorías e niveis do SUG e da propia USC e criterios de produtividade e obxectivos en liña e contía co xa establecido para o PAS Funcionario.
- No que atinxe ao PAS funcionario para o exercicio 2008, e no marco dos recursos ornamentados, negociarase coa Xunta de persoal a distribución dos recursos adicionais aos consignados para o cumprimento dos acordos de abril do ano 2007, entre as novas necesidades e posibles melloras retributivas.
- Asemade, o goberno da Universidade asume o compromiso de levar a cabo as accións necesarias para avanzar na profesionalización da xestión redimensionando cualitativa e cuantitativamente o cadro de persoal do ámbito de xestión.

Para tal fin, no primeiro semestre do ano 2008 realizarase unha análise dos postos de traballo orientada a diagnosticar a situación actual e un estudo de necesidades dos distintos servizos e unidades consonte aos obxectivos da Institución. O resultado desta análise xunto coa clarificación do horizonte financeiro para os vindeiros anos dará lugar a un plan de actuación, que será negociado coas representacións sindicais no segundo semestre do ano, no que se determinarán as medidas estruturais que será necesario abordar, priorizadas e periodificadas na súa execución.

Xunto ao anterior, e coa finalidade de garantir o cumprimento do compromiso electoral de acadar unha equiparación das condicións salariais do persoal de administración e servizos, tanto laboral como funcionario, dentro do sistema universitario galego, concretaranse os compromisos orzamentarios para acadar a mencionada equiparación, de tal xeito que, aínda que a

- consecución definitiva se concrete no ano final do mandato, xa no exercicio 2009 se realice o maior avance posible, en liña co realizado para o ano 2008, reequilibrando a situación dos dous sectores. Estes compromisos retributivos complementarán o convenio colectivo para o ano 2009.
- Para formación inclúese unha partida de 0,1 millóns de euros como un primeiro paso cara ao 1% da masa salarial que temos como obxectivo fixado na Planificación Plurianual 2007-2010.
  - Así mesmo, explíctase o montante da Acción Social. Entendemos que deste modo sería posible, e aconsellable, que se chegara a un acordo cos representantes sindicais coa finalidade de conseguir un reparto máis xusto das cantidades destinadas a este fin.
- A docencia e a investigación, como prioridades da universidade seguen a acaparar cantidades importantes das dispoñibilidades orzamentarias, destacando aqueles recursos que son xestionados de forma descentralizada. Con estes recursos preténdese afondar nos procesos de reparto xa iniciados en exercicios anteriores, iniciando novos programas que, en correspondencia cos obxectivos de calidade, introduzan ás unidades estruturais -Centros, Departamentos e Institutos-, na cultura de asociar recursos recibidos a obxectivos, coa finalidade de afondar nunha asignación máis eficiente deles no marco dos obxectivos das unidades e os da institución no seu conxunto.
    - Orzaméntanse créditos adicionais para continuar e impulsar as accións previstas no Plan de Calidade en docencia, investigación e servizos de apoio, e para financiar acordos de interese mutuo que se deriven da planificación estratéxica que se está a desenvolver nas unidades estruturais.
    - Na implantación de sistemas de garantía da calidade da docencia, así como nos contratos-programas con departamentos, considerarase e valorarase o impulso do uso do galego na docencia.
    - Incrementáanse os créditos específicos para avanzar nunha progresiva integración no Espazo Europeo de Educación Superior (EEES).
    - Tamén as TIC seguen a ser unha das prioridades da acción durante o exercicio 2008, aínda que cunha contención formada polas dispoñibilidades orzamentarias.
    - As dotacións das partidas relacionadas coas anteriores accións incrementáanse ao redor do 20%.
  - De novo neste orzamento segue a considerarse prioritaria a orientación dos recursos dispoñibles, cara a execución das obras de reparacións, novacións e mellora dos edificios (RAM), así como das novas infraestruturas en marcha e



previstas. Neste senso, no reparto dos recursos dispoñibles priorízase as dotacións en obra nova e RAM para avanzar no cumprimento dos obxectivos establecidos na Programación Plurianual 2007-2010 neste ámbito.

- Dótase aos servizos á comunidade universitaria e á extensión cultural de recursos para seguir ofrecendo calidade de vida nos campus e fomentando a participación e a integración da comunidade universitaria en xeral e a estudantil en particular.
- Finánciense os procesos de transferencia de coñecemento e dos resultados do desenvolvemento tecnolóxico así como a cultura emprendedora que seguen a constituír un obxectivo prioritario.
- En coherencia coa Programación Plurianual, segue a impulsarse a proxección social e internacional da USC, no camiño da definición dun Plan de Internacionalización e de Comunicación. No primeiro caso ponse en marcha o Programa Xeral de Mobilidade Xan López Suárez para favorecer a mobilidade dende e cara a terceiros países. En comunicación centralízanse as partidas cara a unha xestión máis eficaz. Promoverase tamén a posta en marcha da Unidade de Iniciativas Internacionais (UII).
- Habilitarase unha partida específica para executar, na medida do posible, as medidas de prevención e protección propostas nas avaliacións de riscos dos distintos centros, que permitan adecuar os postos de traballo aos requisitos legais de aplicación e planificar adecuadamente a actividade preventiva.
- Dotaranse aos 6 Órganos de Representación sindical actualmente existentes dos medios necesarios para o desenvolvemento da súa actividade nos locais sindicais de Santiago e Lugo.
- O orzamento do ano 2008 afronta, en contía xa significativa, as obrigas da carga financeira derivada dos procesos de endebedamento do proceso de reequilibrio contemplado no PEEF.
- Incorporaranse no orzamento, ademais dos gastos derivados para a USC da actividade das empresas nas que participa, información adicional sobre o resto de gastos e ingresos asociados a ditas actividades.
- Estes obxectivos son conxugados co proceso de descentralización na execución orzamentaria que vén desenvolvendo a Universidade, dando resposta á súa realidade bicampus, co obxectivo de acadar unha administración máis eficiente e eficaz na xestión dos recursos.
- Finalmente, o Equipo de Goberno considera necesario impulsar un proceso interno de corresponsabilidade financeira, que garanta de forma máis equitativa a contribución das unidades ao mantemento dos custos que xeran os servizos que se lles presta de forma centralizada. Para iso articularanse os procedementos contables que permitan unha imputación axustada dos custos das actividades, ofrecendo xa na proposta de Orzamento que se derivará deste orzamento unha estimación de custos –considerando gastos e ingresos– dos principais programas que desenvolve a USC.

Este orzamento que discorre aínda nun período de transición, posterior á aplicación do Plan de Equilibrio Económico-Financeiro, caracterizada por unha clara contención no gasto. A recondución da difícil situación económica que atravesou a USC en anos pasados, aínda que orientada con claridade polo PEEF, continúa agora cara unha etapa de consolidación e expansión económico-financeira que deberá iniciarse con claridade no ano 2009 da man da reformulación do Plano de Financiamento do SUG, anunciada recentemente pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. O compromiso adquirido pola Xunta de Galicia de dar paso a un ambicioso marco de financiamento do SUG xa no ano 2009, centrado nos grandes retos á vista: EEES, Investigación e Calidade, ábrenos unhas expectativas de recursos suplementarios que nos permiten eliminar parcialmente a tensión orzamentaria que encadra a elaboración desta proposta.

En todo caso, é importante que continuemos nun axuste de gasto segundo a evolución efectiva dos ingresos, na axeitada priorización na administración dos recursos e facendo unha planificación estratéxica e temporal dos investimentos. Tamén é importante que a execución dos orzamentos durante o ano 2008 continúe os avances realizados á hora de reconsiderar a estrutura e a lóxica do gasto co obxectivo de aumentar a eficiencia e a eficacia na súa execución; tamén de situar fora do orzamento ou buscar fórmulas de cofinanciamento de certos servizos que aínda sendo importantes non son centrais para a docencia ou a investigación; avanzar na reorganización de recursos humanos, medios técnicos, espazos, etc.; aumentar a captación de recursos externos e actualizar os prezos de certos servizos prestados tanto á comunidade universitaria como externamente. Nestas liñas xa estamos a traballar.

## Ingresos e Gastos Resumo Xeral

O proxecto de orzamento da USC para o ano 2008 ascende a 237,8 millóns de euros nos seus estados de ingresos e gastos, o que supón un incremento respecto á previsión inicial do exercicio 2007 do 13,9%. Este importante incremento ten a súa orixe principalmente na evolución nos recursos ligados á investigación –a meirande parte con carácter finalista para convenios, contratos e proxectos–, da inclusión dos diferentes contratos-programas e convenios que financian actividades que vén desenvolvendo a USC mediante achegas de entidades públicas e privadas, e dos recursos derivados do Plan de Financiamento do SUG, cuxas partidas medran un 8,1% respecto ao ano anterior. En relación cos gastos, ademais de recoller o correspondente incremento das partidas financiadas cos recursos finalistas de investigación, inclúense as derivas do capítulo I, os incrementos dos gastos de funcionamento de servizos externos –principalmente subministracións, mantementos, etc–, e as obrigas derivadas da carga financeira –xuros e amortizacións–, dedicando as disponibilidades financeiras restantes aos obxectivos e accións consideradas estratéxicas para o ano 2008, no marco da Programación Plurianual 2007-2010, en especial no ámbito do persoal, o EEES, a Calidade, o apoio á Investigación e as Infraestruturas.

No cadro nº 3 recóllense os resumos do estado de ingresos e gastos clasificados por capítulos, de acordo coa preceptiva clasificación por natureza económica.

Cadro 3: Resumo do orzamento do 2008 por capítulos

Ingresos		
	Euros	% total
III. Prezos públicos e outros ingresos	40.107.000,00	16,87%
IV. Transferencias correntes	149.377.000,00	62,81%
V. Ingresos patrimoniais	900.000,00	0,38%
<b>Total operacións correntes</b>	<b>190.384.000,00</b>	<b>80,06%</b>
VI. Alleamento de investimentos reais	0,00	0,00%
VII. Transferencias de capital	47.423.800,00	19,94%
VIII. Variación de activos financeiros	0,00	0,00%
IX. Variación de pasivos financeiros	0,00	0,00%
<b>Total operacións de capital</b>	<b>47.423.800,00</b>	<b>19,94%</b>
<b>Total operacións financeiras</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00%</b>
<b>TOTAL INGRESOS</b>	<b>237.807.800,00</b>	<b>100,00%</b>

Gastos		
	Euros	% total
I. Gastos de persoal	141.008.800,00	59,30%
II. Gastos en bens correntes e servizos	29.070.980,00	12,22%
III. Gastos financeiros	2.358.490,00	0,99%
IV. Transferencias correntes	3.470.130,00	1,46%
<b>Total operacións correntes</b>	<b>175.908.400,00</b>	<b>73,97%</b>
VI. Investimentos reais	56.440.300,00	23,73%
VII. Transferencias de capital	6.000,00	0,00%
VIII. Variación de activos financeiros	--	--
IX. Variación de pasivos financeiros	5.453.100,00	2,29%
<b>Total operacións de capital</b>	<b>61.899.400,00</b>	<b>26,03%</b>
<b>Total operacións financeiras</b>	<b>5.453.100,00</b>	<b>2,29%</b>
<b>TOTAL GASTOS</b>	<b>237.807.800,00</b>	<b>100,00%</b>

## Orzamento de Ingresos

O cadro nº 4 recolle as previsións financeiras que dan contido ao estado de ingresos do orzamento da USC para o exercicio 2008, agrupados por capítulos segundo a correspondente clasificación económica. Analizamos deseguido os aspectos máis salientables respecto da estimación de ingresos que financia o orzamento da nosa Universidade, resaltando o incremento do 13,9% respecto do exercicio anterior.

Cadro 4

### Orzamento de ingresos da USC (en miles de euros)

Estrutura Económica		2007	2008	% var. s/2007
III.	Prezos públicos e outros ingresos	37.187,50	40.107,00	7,85%
IV.	Transferencias correntes	136.071,07	149.377,00	9,78%
V.	Ingresos patrimoniais	555,00	900,00	62,16%
<b>Total operacións correntes</b>		<b>173.813,57</b>	<b>190.384,00</b>	<b>9,53%</b>
VI.	Alleamento de investimentos reais	--	--	--
VII.	Transferencias de capital	34.843,18	47.423,80	36,11%
VIII.	Variación de activos financeiros	--	--	--
IX.	Variación de pasivos financeiros	--	--	--
<b>Total operacións de capital</b>		<b>34.843,18</b>	<b>47.423,80</b>	<b>36,11%</b>
<b>Total operacións financeiras</b>		<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>--</b>
<b>TOTAL INGRESOS</b>		<b>208.656,75</b>	<b>237.807,80</b>	<b>13,97%</b>

### III.1. Operacións correntes

Os capítulos terceiro ao quinto do orzamento de ingresos correspóndense cos ingresos por operacións correntes. O importe estimado nestas operacións para o ano 2008 ascende a 190,4 millóns de euros, o que representa o 80,06% dos ingresos totais inicialmente presupostados e proceden, na súa meirande parte, das transferencias correntes -62,81%- e dos prezos públicos e outros ingresos -16,87%-, sendo marxinais os ingresos patrimoniais -0,38%-. O seu incremento conxunto respecto do exercicio anterior é do 9,53%, diminuíndo o seu peso relativo dentro do conxunto do orzamento debido ao incremento experimentado polos ingresos de capital, principalmente os ligados aos proxectos de investigación.

### *Capítulo III. Prezos públicos e outros ingresos*

Neste capítulo inclúense os ingresos correspondentes aos servizos de carácter académico e o resto de servizos que a USC oferta á comunidade universitaria e á sociedade, estimándose unha previsión de ingresos para o ano 2008 duns 40,1 millóns de euros, o que supón un incremento dun 7,85% respecto da cantidade inicialmente orzamentada no exercicio 2007.

A evolución dos ingresos por servizos de investigación por convenios e contratos segue a ser moi positiva e neles concéntrase o groso do incremento deste capítulo, manténdose estables os ingresos por prezos de matrícula debido á evolución do número de alumnos.

O resto de ingresos deste capítulo correspóndense con servizos á propia comunidade e ao exterior, que xeran o correspondente gasto, destacando os incrementos dos ingresos por actividades deportivas e publicación polo incremento das mesmas.

### *Capítulo IV. Transferencias correntes*

Os ingresos previstos no capítulo catro de transferencias correntes para o ano 2008 ascende á cantidade de 149,4 millóns de euros, o que representa o 62,81% dos recursos totais do presuposto da Universidade. Esta estimación supón un incremento do 9,78% respecto do orzamento do ano 2007, e ten a súa orixe, fundamentalmente, na evolución dos fondos que, con carácter corrente, achega o Plan de Financiamento do SUG para este exercicio.

Os conceptos máis salientables dos ingresos por transferencias correntes son os seguintes:

- O financiamento básico incondicionado recollido no Plan de Financiamento do SUG por importe de 129,8 millóns de euros, aos que se engaden 1,35 millóns de euros como axuda adicional para a USC en relación co seu PEEF.
- Os ingresos estimados para a USC do fondo para contratos-programa do Plan de Financiamento do SUG por importe de 1,7 millóns de euros.
- A cantidade estimada para o contrato-programa recollido no Orzamento da Consellería de Educación en relación ao EEES por 1,7 millóns de euros.
- Dúas partidas finalistas de 3,8 e 2,8 millóns de euros, que teñen por obxecto cubrir os gastos derivados da avaliación positiva de tramos de investigación e dos complementos autonómicos para o persoal docente e investigador.
- O ingreso, igualmente finalista, de 4,8 millóns de euros derivado do acordo co SERGAS.
- Finalmente, entre o resto de conceptos do capítulo IV, de menor importancia relativa, destacan os convenios con empresas e entidades financeiras –por importe de 1,8 millóns de euros– e o financiamento externo asociado a programas específicos por importe de 1,4 millóns de euros, entre os que se inclúen achegas

da Comisión Europea e da Comunidade Autónoma relacionados coas mobilidades Erasmus e con terceiros países.

### *Capítulo V. Ingresos patrimoniais*

Recóllese neste capítulo a previsión dos ingresos para o ano 2008 pola utilización dos activos que integran o patrimonio da Universidade por parte de terceiros -xuros e concesións administrativas principalmente-. O importe inicialmente previsto ascende á contía de 0,9 millóns de euros, cantidade significativamente superior á prevista en exercicios anteriores por mor da evolución dos tipos de xuros e a boa situación da tesourería da USC.

## **III.2 Operacións de Capital**

Baixo o epígrafe de operacións de capital aglutínanse os recursos provenientes dos capítulos VI, VII, VIII e IX do orzamento de ingresos. Deles, os dous últimos capítulos conforman as coñecidas como operacións financeiras.

No orzamento para o exercicio 2008 tan só se contemplan ingresos no capítulo VII correspondente ás transferencias de capital, estimándose para este ano a cifra de 47,4 millóns de euros por este concepto, o que representa o 19,94% do total do presuposto de ingresos, cun incremento significativo respecto do exercicio anterior -do 36,11%-, debido á evolución dos recursos estimados para proxectos de investigación competitivos.

A estas cantidades orzamentadas para o exercicio 2008 engadiránselle no seu día a incorporación como remanentes dos ingresos finalistas dotados en exercicios anteriores, principalmente relacionados coas novas infraestruturas, en fase de execución.

Os aspectos máis salientables da desagregación das operacións de capital, atendendo á clasificación económica, son os seguintes:

### *Capítulo VII. Transferencias de capital*

Intégranse neste capítulo o conxunto de subvencións e transferencias que recibe a USC para gastos de capital, na súa meirande parte con carácter finalista, é dicir, con destino predeterminado polo organismo subvencionador.

Das cantidades recollidas neste capítulo cómpre destacar:

- Transferencias da Comunidade Autónoma correspondentes a novos investimentos e RAM, por importe de 5,4 millóns de euros e ao apoio á investigación por importe de 3,6 millóns de euros, partidas incluídas no Plan de Financiamento do SUG.
- Contratos-programa e convenios coa Comunidade Autónoma no ámbito da investigación e infraestruturas por importe de 3 millóns de euros.
- A previsión de ingresos e execución dentro do programa FEDER, das actuacións en relación coa reforma da Facultade de Bioloxía, o Animalario e o CITIUS, por importe de 7,2 millóns de euros.

- As cantidades conveniadas coa Consellería de Sanidade para o financiamento do Aulario do Campus de Ciencias da Saúde. A cantidade pendente dos compromisos asumidos pola Consellería ascende a 1 millón de euros para o ano 2008.
- 1,2 millóns de euros procedentes da Comunidade Autónoma para a amortización das axudas reintegrables acadadas pola USC nos exercicios 2005-2006.
- Por último, o apartado máis significativo neste capítulo é a presupostación, tanto en ingresos como en gastos, da anualidade prevista para o exercicio 2008 dos proxectos de investigación, resultado de convocatorias competitivas, que son financiados pola Comunidade Autónoma, Administración Central e Unión Europea, que tendo en conta a súa evolución recente se estiman en 25,8 millóns de euros, 10 máis ca o ano anterior, sendo a partida con diferenza que máis medra no orzamento.

## Presuposto de Gastos

No cadro nº 5 recóllese o estado de gastos que se propón como orzamento da USC para o ano 2008, mediante a correspondente clasificación por capítulos. Para a súa análise, dende a vertente económica dos créditos que o integran, debemos de ter en conta que o presuposto clasifica nos seus capítulos primeiro ao cuarto os gastos por operacións correntes que acadan para o exercicio presupostado a contía de 175,9 millóns de euros, o que representa o 73,97% do total de gastos. Nos capítulos sexto ao noveno inclúense as denominadas operacións de capital, que reflicten as variacións na estrutura do patrimonio da nosa institución, prevéndose unha dotación inicial de 61,9 millóns de euros, o que representa o 26,03% do total dos gastos programados para o ano 2008 pola nosa Universidade. De novo no orzamento de gastosponse de manifesto o incremento do peso relativo das operacións de capital debido á evolución dos ingresos ligados á actividade de investigación.

Cadro 5

### Orzamento de gastos da USC (en miles de euros)

Estrutura Económica		2007	2008	% var. s/2007
I.	Gastos de persoal	129.410,77	141.008,80	8,96%
II.	Gastos en bens correntes e servizos	26.305,47	29.070,98	10,51%
III.	Gastos financeiros	1.647,55	2.358,49	43,15%
IV.	Transferencias correntes	2.824,19	3.470,13	22,87%
	<b>Total operacións correntes</b>	<b>160.187,98</b>	<b>175.908,40</b>	<b>9,81%</b>
VI.	Investimentos reais	43.821,04	56.440,30	28,80%
VII.	Transferencias de capital	--	6,00	--
VIII.	Variación de activos financeiros	--	--	--
IX.	Variación de pasivos financeiros	4.647,73	5.453,10	17,33%
	<b>Total operacións de capital</b>	<b>48.468,77</b>	<b>61.899,40</b>	<b>27,71%</b>
	<b>Total operacións financeiras</b>	<b>4.647,73</b>	<b>5.453,10</b>	<b>17,33%</b>
	<b>TOTAL GASTOS</b>	<b>208.656,75</b>	<b>237.807,80</b>	<b>13,97%</b>

#### Capítulo I. Gastos de persoal

Os créditos previstos para este capítulo no orzamento do exercicio 2008 ascenden a 141 millóns de euros, o que supón un crecemento respecto ao exercicio anterior do 8,96% representando, con diferenza, o maior peso porcentual dentro do



total de gastos da Universidade, un 59,3%, o cal ten a súa lóxica en tanto que é unha institución centrada na docencia e a investigación, actividades con necesidades importantes de recursos humanos.

Para a análise dos gastos de persoal, resulta importante diferenciar dentro deste capítulo os gastos que levan asociados directamente financiamento externo, como é o caso dos sexenios de investigación e os complementos autonómicos, os pagamentos realizados ao abeiro do concerto entre a USC e o SERGAS ou os asociados a determinados convenios, do resto de gastos de persoal, que deben ser financiados cos recursos incondicionados dos que dispón a USC. Aínda que parte da explicación do crecemento deste capítulo débese á evolución dos conceptos financiados con recursos finalistas, os gastos de persoal financiados con recursos propios experimentan para o exercicio 2008 un importante incremento derivado da materialización en exercicios anteriores dos compromisos de estabilización e promoción do persoal, xunto coas actuacións previstas para este capítulo.

A evolución prevista para o capítulo I de gastos de persoal obedece, principalmente, aos seguintes feitos:

- Aplicación das actualizacións anuais do IPC (2 %) e dos acordos que xa a nivel estatal ou autonómico, como dentro da propia universidade, se teñen recoñecido para o persoal.
- Mantense o importante crecemento vexetativo dos complementos retributivos do persoal docente e investigador, tales como trienios, dedicación docente, produtividade investigadora e complementos autonómicos, todo isto como consecuencia do especial réxime retributivo do profesorado e da composición do cadro de persoal, sendo asumidos os dous primeiros conceptos con recursos propios e financiados os dous segundos con recursos alleos finalistas.
- Recursos necesarios para as novas actuacións en materia de persoal, en especial:
  - En relación ao PDI no exercicio 2008 orzaméntanse 0,275 millóns de euros para a dotación de arredor de 25 novas prazas, a metade do plan de reequilibrio entre áreas establecido na Programación Plurianual 2007-2010, así como para as promocións previstas.  
Durante o ano 2008, avaliarase a repercusión e elaborárase un plan para a transformación das bolsas de colaboración en proxectos de investigación existentes a contratos laborais, sen prexuízo económico para o investigador.
  - No que atinxe ao PAS, no ámbito dos funcionarios orzaméntanse 0,65 millóns de euros para o cumprimento dos compromisos asumidos durante este ano 2007 así como as derivas para o exercicio 2008, os axustes na RPT, así como as que poidan resultar da análise de funcións. No que atinxe ao PAS laboral, dedícanse 1,01 millóns de euros para facer fronte aos compromisos do 2007, ás súas derivas para o 2008, así como para os acordos a que puidera chegarse para o

ano 2008, as novas prazas, os axustes do cadro de persoal necesarios e o avance no compromiso de mellora salarial.

- A estimación do compromiso derivado do Concerto co SERGAS, de realizar o pagamento do complemento retributivo asistencial dos profesores que traballan no Complexo Hospitalario Universitario de Santiago, supón un montante de 4,8 millóns de euros.
- Durante o ano 2008 identificaranse e analizaranse coa representación sindical dos traballadores as diferentes accións que a USC desenvolve en relación coa acción social, coa finalidade explicitar a mesma e, na medida do posible, mellorar a súa distribución.
- Durante este exercicio completárase o estudo sobre a viabilidade dun plan de xubilación anticipado iniciando a súa posta en marcha.

### *Capítulo II. Gastos en bens correntes e servizos*

Os gastos en bens correntes e servizos integrados no capítulo II que se estiman para o exercicio 2008 ascenden á cantidade de 29,1 millóns de euros, o que supón un incremento do 10,51% respecto do exercicio 2007, acadando o 12,2% de peso relativo no total de orzamento.

Unha parte importante deste incremento é o resultado da dotación financeira necesaria para facer fronte aos incrementos das subministracións e servizos externos. A evolución dos gastos en subministracións enerxéticas –con incrementos de case o 20% nos últimos anos–, xunto co importante peso dos servizos de limpeza e seguridade, explican a evolución e a contía da dotación orzamentaria deste capítulo. Ademais, neste exercicio, e como novidade respecto aos anteriores, trasládanse a este capítulo, dende o capítulo VI de gasto, as obrigas derivadas do compromiso co Consorcio Interbibliotecario de Galicia para a subministración das revistas electrónicas, que ascenden a 1,46 millóns de euros, o que explica a metade do incremento deste capítulo.

Cabe salientar, con relación á dotación deste capítulo, os seguintes aspectos:

- Aos programas de calidade da docencia e os servizos, ás medidas en relación coa planificación estratéxica dos departamentos e Institutos de Investigación e ás accións en materia de EEES dedícanse créditos por importe de 1,7 millóns de euros, experimentando un incremento de case o 20% respecto do exercicio anterior. Estes incrementos posibilitarán que as partidas centralizadas destinadas a financiar accións de mellora da calidade dos centros recuperen a dotación do exercicio 2006, debidamente actualizada segundo o IPC.
- Incrementáanse os recursos que se reparten aos centros en materia de subministracións docentes nun 8%.
- Orzaméntanse os gastos estimados para o servizo de limpeza ascende a 7,2 millóns de euros, seguridade 1,24 millóns de euros, cifras que se manteñen nos

niveis de exercicios anteriores, subministracións con 4,3 millóns de euros, así como mantementos e reparacións de material científico por máis de 1,5 millóns de euros.

- Contémplase un crédito xenérico de 2,25 millóns de euros -2,5 millóns de ingresos menos o 10% para gastos e investimentos comúns- para os cursos de posgrao e especialización.
- Así mesmo, inclúense neste capítulo II partidas de apoio ao acceso dos estudantes á USC, a integración, sostibilidade, solidariedade, comunicación e proxección exterior, áreas que se están a potenciar nestes últimos anos.

### *Capítulo III. Gastos financeiros*

A previsión de gastos financeiros para o exercicio 2008 ascende a 2,35 millóns de euros o que representa case o 1% do gasto total da universidade. Esta estimación fíxose segundo a previsión das cargas financeiras por xuros das débedas bancarias contraídas pola USC en exercicios anteriores dentro do Plan de Equilibrio Económico Financeiro, cuxa contía a 1 de xaneiro de 2008, tralas amortizacións xa realizadas en exercicios anteriores e no actual, ascendera a un total de 40,3 millóns de euros.

### *Capítulo IV. Transferencias correntes*

O crédito previsto para este capítulo ascende a 3,47 millóns de euros, o que supón un incremento do 22% respecto dos créditos inicialmente aprobados para o exercicio anterior. Case a totalidade deste incremento ten a súa orixe na inclusión no orzamento do programa de axudas á mobilidade de estudantes, por importe estimado de 0,65 millóns de euros, financiado con recursos externos finalistas. Incrementáanse moderadamente -no entorno do 7%- os recursos relacionados coa investigación, coa área TIC, e coa promoción do asociacionismo e proxectos estudiantís de participación universitaria, mantendo o esforzo financeiro nas liñas de axuda e bolsas, complementarias respecto das concedidas por outras administracións públicas, e nas relacionadas con actividades de extensión universitaria, agás as novas actividades desenvolvidas pola USC neste ámbito.

### *Capítulo VI. Investimentos reais*

O orzamento da USC para o ano 2008 en materia de investimentos ascende a 56,44 millóns de euros, o que representa o 23,73% do total do presuposto de gastos da Universidade para este exercicio, cubrindo as previsións en materia de investimentos reais e de investigación.

Respecto das dotacións incluídas neste capítulo convén destacar as seguintes liñas de acción:

- En materia de RAM e novas infraestruturas orzaméntanse 13,3 millóns de euros para facer fronte ás estimacións de execución durante o exercicio 2008 das

actuacións que se están a desenvolver segundo o establecido na previsión recollida na Programación Plurianual 2007-2010.

- Financiamento para completar no 2008 a aplicación informática que permita unha adecuada xestión de espazos.
- Incremento dos recursos a repartir aos centros docentes para equipamento docente nun 8%.
- Dótanse as previsións orzamentarias para o mantemento do esforzo na adquisición de libros e publicacións periódicas, incrementando estas últimas o seu custo no entorno do 15% ata acadar os 2,4 millóns de euros. Parte destes recursos inclúense no capítulo II, a diferenza con exercicios anteriores que se orzamentaban no capítulo VI na súa totalidade. Neste senso, dende o Equipo de Goberno seguen a buscarse fórmulas que permitan manter o nivel do servizo – somos unha das universidades do Estado con maior gasto bibliográfico en termos absolutos e relativos- sen que a totalidade do seu custo recaia sobre o orzamento da USC.
- Continúa a aposta polas accións en materia de investigación, contando con recursos directamente asignados ás mesmas por importe de 3,6 millóns de euros, un 20% máis que no exercicio anterior, incluíndo as convocatorias propias, accións de promoción, financiamento de institutos e departamentos e a transferencia de resultados de investigación.
- Finalmente os créditos orzamentados para convenios, contratos e proxectos de investigación ascenden a 34,7 millóns de euros, unha vez descontados os correspondentes custos indirectos. A retención para cubrir os gastos indirectos que se practicará a partir do ano 2008 sobre os contratos e convenios de investigación será do 15%, en liña cos custos xa recoñecidos para os proxectos de investigación competitivos polas Administracións convocantes –entre o 15% e o 21%- , e aínda lonxe dos custos reais.

### *Capítulo VII. Transferencias de Capital*

No capítulo de Transferencias de Capital aparecen orzamentados para o exercicio 2008 os créditos necesarios para facer fronte ás obrigas co Consorcio creado coa Universidade da Coruña para o desenvolvemento de aplicacións informáticas, que ascenden a un total de 6.000 euros.

### *Capítulo IX. Variación de pasivos financeiros*

Recóllense neste capítulo os créditos destinados á amortización do endebedamento contraído pola Universidade. No Orzamento do ano 2008, e en correspondencia coas previsións recollidas en relación coa carga financeira, inclúense 5,45 millóns de euros, o 2,29% do total do orzamento, correspondentes á amortización dos préstamos derivados do PEEF e do programa de axudas reembolsables para parques científicos e tecnolóxicos –por un importe conxunto de 4,28 millóns de euros financiados con recursos propios-, e dos préstamos

reintegrables, cuxo pago asume en última instancia a Comunidade Autónoma, por importe de 1,16 millóns de euros.

## ORZAMENTO DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA O ANO 2008

En virtude do disposto no artigo 81 da Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de Universidades, e no artigo 171 dos Estatutos da Universidade aprobados por decreto 28/2004, do 22 de xaneiro, pola presente norma apróbanse os orzamentos da Universidade de Santiago de Compostela para o exercicio 2008, que acadan a contía inicial en ingresos e gastos de 237.807.800,00 euros.

### 1.- CLASIFICACIÓN ECONÓMICA

<b>INGRESOS</b>	
Capítulo III.- Prezos públicos e outros ingresos	40.107.000,00
Capítulo IV.- Transferencias correntes	149.377.000,00
Capítulo V.- Ingresos patrimoniais	900.000,00
Capítulo VII.- Transferencias de capital	47.423.800,00
<b>TOTAL INGRESOS</b>	<b>237.807.800,00</b>
<b>GASTOS</b>	
Capítulo I.- Gastos de persoal	141.008.800,00
Capítulo II.- Gastos en bens correntes e servizos	29.070.980,00
Capítulo III.- Gastos financeiros	2.358.490,00
Capítulo IV.- Transferencias correntes	3.470.130,00
Capítulo VI.- Investimentos reais	56.440.300,00
Capítulo VII.- Transferencias de capital	6.000,00
Capítulo IX.- Variación de pasivos financeiros	5.453.100,00
<b>TOTAL GASTOS</b>	<b>237.807.800,00</b>

### 2. NORMAS DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO

#### Artigo 1. Os créditos e as súas vinculacións

1. As partidas orzamentarias do orzamento de gastos para o 2008 preséntanse de acordo coas clasificacións orgánica, funcional e económica.
2. A vinculación dos créditos establécese conforme cos seguintes criterios:

a) Clasificación orgánica:

- Os créditos que figuran no orzamento asignados a centros ou unidades orgánicas teñen carácter vinculante e limitativo a nivel de código orgánico, coas excepcións que se indican no apartado c).

b) Clasificación económica.

- Terán carácter vinculante e limitativo a nivel de capítulo:
  - Os créditos destinados a gastos de persoal, agás o artigo 15 (gratificacións e produtividade), quen manteñen a vinculación a nivel de artigo.
  - Os gastos en bens correntes e servizos.
  - Os gastos financeiros.
- Terán carácter vinculante a nivel de artigo:
  - Os investimentos reais.
  - Os activos e pasivos financeiros.
- Terán carácter vinculante a nivel de concepto as transferencias correntes e as transferencias de capital, agás o indicando no apartado seguinte.
- Terán carácter vinculante no nivel de desagregación co que figuren no orzamento:
  - Os créditos con financiamento específico
  - As subvencións nominativas.

c) Clasificación funcional:

